

MINISTERIO DE EDUCACIÓN E CIENCIA

7169 *REAL DECRETO 468/2006, do 21 de abril, polo que se establecen os limiares de renda e patrimonio familiar e as contías das bolsas e axudas ao estudo do Ministerio de Educación e Ciencia para o curso 2006-2007.* («BOE» 96, do 22-4-2006, e «BOE» 102, do 29-4-2006.)

A disposición adicional novena da Lei 24/2005, do 18 de novembro, de reforma para o impulso da produtividade establece que as bolsas e axudas ao estudo que convoque o Ministerio de Educación e Ciencia para seguir estudos regulados e para as que non se fixe un número determinado de persoas beneficiarias se concederán de forma directa ao alumnado tanto universitario coma non universitario. Dispón, así mesmo, que a contía das referidas bolsas e axudas ao estudo se fixará en función dos custos que xere a educación para os estudantes, así como das circunstancias socioeconómicas da súa unidade familiar e que se concederán atendendo, cando proceda, ao aproveitamento académico e aos niveis de renda e patrimonio con que conte a unidade familiar. Por último, dispón que o seu réxime se establecerá por real decreto, que deberá contar con informe favorable do Ministerio de Economía e Facenda.

O réxime xeral das bolsas e axudas ao estudo de carácter personalizado atópase recollido no Real decreto 2298/1983, do 28 de xullo, que determina tanto as modalidades de bolsas como o sistema de verificación, control e reclamacións e o procedemento de adxudicación. O citado real decreto, que será proximamente modificado co obxecto de o adaptar á Sentenza 188/2001 do Tribunal Constitucional, encomenda ao Ministerio de Educación e Ciencia a fixación das cualificacións mínimas exixibles para a obtención das diferentes bolsas e axudas ao estudo. As referidas cualificacións mínimas establécense anualmente nas correspondentes convocatorias.

Este real decreto non modifica o Real decreto 2298/1983; unicamente aborda aqueles aspectos cuantitativos que deben ser obxecto de actualización anual. Trátase, pois, dun real decreto de carácter executivo, que establece, con vixencia limitada ao curso académico 2006-2007, os parámetros económicos das bolsas e axudas ao estudo do Ministerio de Educación e Ciencia que se convocan sen un número determinado de persoas beneficiarias fixando as súas contías, así como os limiares de patrimonio e renda familiar por enriba dos cales desaparece o dereito á súa obtención. As contías incrementáanse, como termo medio, nun 3 por cento respecto dos do curso académico 2005-2006 e os limiares de renda familiar actualízanse ata nun 7 por cento con relación aos vixentes no curso anterior.

Este real decreto conta con informes favorables do Ministerio de Economía e Facenda e do Ministerio de Administracións Públicas. Foi, ademais, obxecto de ditame da Comisión Permanente do Consello Escolar do Estado e, na súa tramitación, consultouse a Comisión Xeral da Conferencia Sectorial de Educación.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Educación e Ciencia, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación de Consello de Ministros na súa reunión do día 21 de abril de 2006,

DISPÓN O:

Artigo 1. *Ámbito de aplicación.*

No curso académico 2006-2007 e, con cargo ás correspondentes partidas dos orzamentos xerais do Estado, convocaranse bolsas e axudas ao estudo sen número determinado de persoas beneficiarias para as seguintes ensinanzas:

1. Segundo ciclo de educación infantil.
2. Bacharelato.
3. Formación profesional de grao medio e de grao superior.
4. Ensinanzas dos graos elemental e medio de música e danza, ciclos formativos de grao medio e grao superior de artes plásticas e deseño.
5. Ensinanzas deportivas.
6. Ensinanzas de arte dramática, estudos superiores de música e de danza, ensinanzas de restauración e conservación de bens culturais, estudos superiores de deseño e estudos superiores de artes plásticas.
7. Estudos relixiosos.
8. Estudos de idiomas realizados en escolas oficiais de titularidade das administracións educativas, incluída a modalidade de distancia.
9. Estudos militares.
10. Estudos universitarios conducentes aos títulos de licenciado, arquitecto, diplomado, mestre, enxeñeiro técnico e arquitecto técnico.
11. Curso de preparación para acceso á universidade de maiores de 25 anos impartido por universidades non presenciais.
12. Cursos de adaptación para diplomados universitarios que desexen proseguir estudos oficiais de licenciatura.
13. Ensinanzas non universitarias adaptadas ao alumnado con necesidades educativas específicas.

Artigo 2. *Axudas para educación infantil.*

1. Convocaranse axudas de escolarización destinadas ao alumnado de segundo ciclo de educación infantil, de 3, 4 e 5 anos matriculado en centros non sostidos con fondos públicos que estean debidamente autorizados.
2. A contía máxima da axuda será de 596 euros.
3. Non se poderá percibir esta axuda cando a comunidade autónoma correspondente teña establecida a gratuidade no mesmo curso de educación infantil para o que se solicite.
4. Para a concesión destas axudas aplicarase o limiar 3 de renda familiar que se establece neste real decreto.
5. O importe destas axudas financiarase con cargo ao crédito 18.11.323 M 483.02 do orzamento do Ministerio de Educación e Ciencia.

Artigo 3. *Bolsas de carácter xeral.*

1. Convocaranse bolsas de carácter xeral para o alumnado de bacharelato, de formación profesional, de ensinanzas deportivas, de ensinanzas universitarias conducentes aos títulos de licenciado, arquitecto, diplomado, mestre, enxeñeiro técnico e arquitecto técnico, de ensinanzas artísticas, de ensinanzas de idiomas e doutras ensinanzas superiores.
2. Os compoñentes e contías das bolsas de carácter xeral serán os seguintes:

Compoñentes	Ciclos formativos de grao superior con duración dun curso máis prácticas – Euros	Estudios universitarios e superiores – Euros	Ciclos formativos de grao medio con duración dun curso máis prácticas – Euros	Ciclos formativos de grao superior – Euros	Demais estudos – Euros
Compensatoria	2.515,00	2.148,00	2.148,00	1.725,00	1.283,00
Desprazamento de 5 a 10 km	169,00	169,00	169,00	169,00	169,00
Desprazamento de máis de 10 a 30 kms	340,00	340,00	340,00	340,00	340,00
Desprazamento de máis de 30 a 50 km	672,00	672,00	672,00	672,00	672,00
Desprazamento de máis de 50 km	826,00	826,00	826,00	826,00	826,00
Transporte urbano		163,00			
Residencia	2.642,00	2.251,00	2.251,00	1.881,00	1.881,00
Libros e material escolar	213,00	213,00	135,00	213,00	135,00
Escolarización	530,00		530,00	530,00	530,00
Matrícula para estudos universitarios		Importe dos prezos públicos oficiais por servizos académicos para o curso 2006-2007.			
Escolarización en centros municipais	265,00		265,00	265,00	265,00
Escolarización en centros con concerto singular	207,00		207,00	207,00	207,00
Proxecto de fin de carreira	479,00	479,00		479,00	

3. No caso do alumnado universitario, a contía do compoñente de residencia incrementarase en 180 euros cando o centro docente ao que asista o alumno radique nunha poboación ou área metropolitana de máis de 100.000 habitantes. Esta contía adicional será de 309 euros cando a devandita poboación ou área metropolitana supere os 500.000 habitantes.

4. O alumnado que curse estudos universitarios non presenciais poderá obter o compoñente de compensatoria, o compoñente de material didáctico e o compoñente de matrícula coas contías establecidas neste real decreto e nas condicións que se determinen na correspondente convocatoria. Ademais poderán obter unha contía máxima de 340 euros en concepto de desprazamento cando non residan na mesma localidade en que radique a sede do centro asociado ou colaborador.

5. O alumnado que curse estudos oficiais de bacharelato a distancia poderá obter o compoñente de compensatoria e o compoñente de material didáctico coas contías establecidas neste real decreto e nas condicións que se determinen na correspondente convocatoria. Ademais poderán obter unha contía máxima de 340 euros en concepto de desprazamento cando non resida na mesma localidade en que radique a sede do centro colaborador ou a extensión do centro de bacharelato a distancia.

6. Conforme o mandato contido no artigo 138.1 da Constitución e o disposto na Lei 30/1998, do 29 de xullo, do réxime especial das Illas Baleares, as persoas beneficiarias de bolsa con domicilio familiar na España insular, ou en Ceuta ou Melilla, que se vexan na necesidade de utilizar transporte marítimo ou aéreo para acceder ao centro docente en que cursen os seus estudos desde o seu domicilio, disporán de 382 euros máis sobre a contía da bolsa que lles correspondese.

7. Esta cantidade adicional será de 538 euros para os bolseiros con domicilio familiar nas illas de Lanzarote, Fuerteventura, Gomera, Hierro e La Palma, Menorca e Las Pitiusas. Estes complementos de bolsa serán tamén aplicables ao alumnado que cursa estudos universitarios de educación a distancia ou ao matriculado en centros oficiais de bacharelato a distancia que resida en territorio insular que careza de centro asociado ou colaborador.

8. No caso de que o alumnado teña que desprazarse entre as Illas Canarias e a Península, as cantidades a que

se refiren os dous parágrafos anteriores serán de 767 euros e 810 euros, respectivamente.

9. Para a concesión do compoñente de compensatoria aplicarase o limiar 1 de renda familiar establecido no presente real decreto.

Para a concesión do compoñente de matrícula aplicarase o limiar 4 de renda familiar. No suposto de que, resolta a convocatoria, o número de bolseiros universitarios resulte inferior ao do curso académico 2005-2006, para a concesión desta axuda incrementarase progresivamente os limiares de renda familiar, sen exceder os establecidos no limiar 5 a que se refire este real decreto.

Para a concesión do compoñente de residencia aos solicitantes de nivel universitario, doutros estudos superiores e de ciclos formativos de grao superior aplicarase o limiar 4 de renda familiar. Estes solicitantes tamén recibirán o compoñente de libros e material escolar.

Para a concesión dos demais compoñentes de bolsa aplicarase o limiar 3 de renda familiar.

10. O importe destas bolsas financiarase con cargo ao crédito 18.11.323 M 483.01 do Ministerio de Educación e Ciencia.

Artigo 4. Bolsas de mobilidade.

1. Convocarase bolsas de mobilidade para o alumnado que curse estudos presenciais en centros situados nunha comunidade autónoma distinta á do seu domicilio familiar tanto de ensinanzas universitarias conducentes aos títulos de licenciado, arquitecto, diplomado, mestre, enxeñeiro técnico e arquitecto técnico, como doutros estudos superiores.

2. As modalidades e contías das bolsas de mobilidade serán as seguintes:

Modalidades	Estudantes con domicilio familiar en Illas Baleares – Euros	Estudantes con domicilio familiar en Canarias Ceuta ou Melilla – Euros	Resto de estudantes – Euros
Xeral de mobilidade con residencia	3.689,00	3.808,00	3.171,00

Modalidades	Estudantes con domicilio familiar en Illes Balears – Euros	Estudantes con domicilio familiar en Canarias Ceuta ou Melilla – Euros	Resto de estudantes – Euros
Especial de mobilidade con residencia	6.220,00	6.426,00	5.351,00
Xeral de mobilidade sen residencia			1.592,00
Especial de mobilidade sen residencia			3.772,00

3. Para a concesión das modalidades especiais de bolsa de mobilidade aplicarase o limiar 1 de renda familiar.

Para a concesión das modalidades xerais de bolsa de mobilidade aplicarase o limiar 5 de renda familiar.

Compoñentes	Educación primaria ESO e Programas de cualificación profesional de nivel 1 – Euros	Resto de niveis educativos – Euros
Axuda de ensino	Ata 752,00.	Ata 752,00.
Axuda ou subsidio de transporte escolar	Ata 539,00.	Ata 539,00.
Axuda ou subsidio de comedor escolar	Ata 501,00.	Ata 501,00.
Axuda de residencia escolar	Ata 1.566,00.	Ata 1.566,00.
Axuda para transporte de fin de semana	Ata 386,00.	Ata 386,00.
Axuda para transporte urbano	Ata 269,00.	Ata 269,00.
Axuda para libros e material didáctico	Ata 90,00.	Ata 135,00.
Axuda para reeducación pedagóxica	Ata 796,00.	Ata 796,00.
Axuda para reeducación da linguaxe	Ata 796,00.	Ata 796,00.
Axuda para necesidades asociadas á alta capacidade intelectual	Ata 796,00.	Ata 796,00.

3. Non se concederán axudas nin subsidios cando os gastos a que atenden se achen cubertos por servizos ou fondos públicos ou, se é o caso, por axudas concedidas a centros para financiar o correspondente servizo. No nivel de educación infantil non se concederán axudas para libros e material didáctico.

4. Para a concesión das axudas para o alumnado con necesidades educativas específicas aplicarase o limiar 3 de renda familiar. Para a concesión dos subsidios non se atenderá á renda nin ao patrimonio familiar.

5. O importe destas axudas financiarase con cargo ao crédito 18.11.323 M 483.02 do orzamento do Ministerio de Educación e Ciencia.

Artigo 6. *Limiares de renda familiar.*

1. O limiar 1 de renda familiar para o curso 2006-2007 será o recollido na seguinte táboa:

Familias dun membro: 2.759,00 euros.
 Familias de dous membros: 5.325,00 euros.
 Familias de tres membros: 7.759,00 euros.
 Familias de catro membros: 10.176,00 euros.
 Familias de cinco membros: 12.588,00 euros.
 Familias de seis membros: 14.946,00 euros.
 Familias de sete membros: 17.252,00 euros.
 Familias de oito membros: 19.504,00 euros.

A partir do oitavo membro engadiranse 2.253 euros por cada novo membro computable da familia.

2. Para a concesión no curso 2006-2007 das axudas para a adquisición de libros e material escolar nos niveis obrigatorios do ensino, convocadas cun número determinado de persoas beneficiarias, aplicarase o limiar 2 de

4. O importe destas bolsas financiarase con cargo ao crédito 18.11.323 M 483.01 do orzamento do Ministerio de Educación e Ciencia.

Artigo 5. *Axudas ao estudo e subsidios para o alumnado con necesidades educativas específicas.*

1. Convocarase axudas ao estudo e subsidios para o alumnado con necesidades educativas específicas que curse estudos nos niveis de segundo ciclo de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria, bacharelato, ciclos formativos de grao medio e de grao superior e programas destinados á obtención dunha cualificación profesional inicial. Os subsidios atenderán aos gastos de comedor escolar e de transporte escolar e concederanse ao alumnado con necesidades educativas específicas que pertenza a familias numerosas.

2. Os compoñentes e contías das axudas e subsidios para o alumnado con necesidades educativas específicas serán os seguintes:

renda familiar que se establecerá na correspondente convocatoria do Ministerio de Educación e Ciencia.

3. O limiar 3 de renda familiar para o curso 2006-2007 será o recollido na seguinte táboa:

Familias dun membro: 7.993,00 euros.
 Familias de dous membros: 13.020,00 euros.
 Familias de tres membros: 17.099,00 euros.
 Familias de catro membros: 20.282,00 euros.
 Familias de cinco membros: 23.016,00 euros.
 Familias de seis membros: 25.656,00 euros.
 Familias de sete membros: 28.152,00 euros.
 Familias de oito membros: 30.632,00 euros.

A partir do oitavo membro engadiranse 2.459 euros por cada novo membro computable da familia.

4. O limiar 4 de renda familiar para o curso 2006-2007 será o recollido na seguinte táboa:

Familias dun membro: 10.233,00 euros.
 Familias de dous membros: 17.468,00 euros.
 Familias de tres membros: 23.710,00 euros.
 Familias de catro membros: 28.158,00 euros.
 Familias de cinco membros: 31.472,00 euros.
 Familias de seis membros: 33.975,00 euros.
 Familias de sete membros: 36.450,00 euros.
 Familias de oito membros: 38.914,00 euros.

A partir do oitavo membro engadiranse 2.459 euros por cada novo membro computable da familia.

5. O limiar 5 de renda familiar para o curso 2006-2007 será o recollido na seguinte táboa:

Familias dun membro: 10.655,00 euros.
 Familias de dous membros: 18.212,00 euros.
 Familias de tres membros: 24.714,00 euros
 Familias de catro membros: 29.507,00 euros.

Familias de cinco membros: 32.818,00 euros.
 Familias de seis membros: 35.406,00 euros.
 Familias de sete membros: 37.958,00 euros.
 Familias de oito membros: 40.500,00 euros.

A partir do oitavo membro engadiranse 2.390 euros por cada novo membro computable da familia.

6. A renda familiar para os efectos de bolsa obterase por agregación das rendas de cada un dos membros computables da familia que obteñan ingresos de calquera natureza, calculadas segundo se indica nos parágrafos seguintes e de conformidade coa normativa reguladora do imposto sobre a renda das persoas físicas. Para os ditos efectos computarase o exercicio anterior ao ano en que comeza o curso académico para o que se solicita a bolsa.

7. Para a determinación da renda dos membros computables que presentasen declaración ou solicitude de devolución polo imposto sobre a renda das persoas físicas, procederase do modo seguinte:

a) Sumarase a parte xeral da renda coa parte especial da renda do período impositivo, excluíndose os saldos negativos de ganancias e perdas patrimoniais correspondentes a exercicios anteriores.

b) Desta suma restarase a redución por rendementos do traballo, considerada no artigo 51.1 do texto refundido da Lei do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2004, do 5 de marzo.

c) Deste resultado restarase a cota resultante da autoliquidación.

Para a determinación da renda dos membros computables que obteñan ingresos propios e non presentasen declaración ou solicitude de devolución polo imposto sobre a renda das persoas físicas, seguirase o procedemento descrito nas alíneas a) e b) anteriores e do resultado obtido restaranse os pagamentos á conta efectuados.

8. Para o cálculo da renda e do patrimonio familiar para os efectos de bolsa, serán membros computables os pais e, se é o caso, o titor ou persoa encargada da garda e protección do menor, os cales terán a consideración de sustentadores principais da familia. Tamén serán membros computables o solicitante, os irmáns solteiros menores de vinte e cinco anos e que convivan no domicilio familiar na data do 31 de decembro do ano inmediato anterior a aquel en que comeza o curso escolar para o que se solicita, ou os de maior idade, cando se trate de persoas con minusvalidez física, psíquica ou sensorial, así como os ascendentes dos pais que xustifiquen a súa residencia no mesmo domicilio que os anteriores co certificado municipal correspondente.

No caso de divorcio, separación legal ou de feito dos pais non se considerará membro computable aquel deles que non conviva co solicitante da bolsa.

Non obstante, se é o caso, terá a consideración de membro computable e sustentador principal o novo cónxuxe ou persoa unida por análoga relación cuxas rendas e patrimonio se incluírán dentro do cómputo da renda e patrimonio familiares.

No caso de solicitantes que constitúan unidades familiares independentes, tamén se considerarán membros computables o cónxuxe ou, se é o caso, a persoa á que se ache unido por análoga relación, así como os fillos se os houbese.

Artigo 7. *Deducións da renda familiar.*

No curso 2006-2007, ademais da redución a que se refire a alínea b) do punto 7 do artigo anterior, aplicaranse as seguintes deducións da renda familiar:

1. O 50 por cento dos ingresos achegados por calquera membro computable da familia distinto do sustentador principal e do seu cónxuxe.

2. 400 euros por cada irmán, incluído o solicitante, que conviva no domicilio familiar, cando se trate de familias numerosas de categoría xeral e 600 euros para familias numerosas de categoría especial, sempre que teña dereito a este beneficio. Cando sexa o propio solicitante o titular da familia numerosa, as cantidades sinaladas serán computadas en relación cos fillos que a compoñan.

3. 1.450 euros por cada irmán ou fillo do solicitante ou o propio solicitante que estea afectado de minusvalidez, legalmente cualificada, de grao igual ou superior ao trinta e tres por cento. Esta dedución será de 2.255 euros cando a minusvalidez sexa de grao igual ou superior ao 65 por cento.

4. 970 euros por cada fillo menor de 25 anos que curse estudos universitarios e resida fóra do domicilio familiar, cando sexan dous ou máis os fillos estudantes con residencia fóra do domicilio familiar por razón de estudos universitarios.

5. Incrementarase o limiar de renda familiar aplicable nun 20 por cento cando o solicitante sexa orfo absoluto.

Artigo 8. *Limiars de patrimonio familiar.*

1. Calquera que sexa a renda familiar calculada segundo o disposto nos artigos 6 e 7 anteriores, denegarase a bolsa ou axuda solicitada para o curso 2006-2007 cando se superen os limiars de patrimonio familiar que se fixan a continuación.

a) A suma dos valores catastrais dos predios que pertencen á unidade familiar, excluída a vivenda habitual, non poderá superar 40.800 euros. En caso de municipios en que a data de efecto da última revisión catastral estivese comprendida entre o 1 de xaneiro de 1990 e o 31 de decembro de 2002 multiplicaranse os valores catastrais por 0,50. No caso de que a data da mencionada revisión fose posterior ao 31 de decembro de 2002, os valores catastrais multiplicaranse polos coeficientes seguintes:

Por 0,44 os revisados en 2003.

Por 0,38 os revisados en 2004.

Por 0,31 os revisados en 2005.

Nos municipios enclavados na Comunidade Foral de Navarra, o valor catastral multiplicarase en todo caso por 0,50.

A Dirección Xeral do Catastro facilitará a relación de municipios que correspondan a cada unha das situacións indicadas, para os efectos de aplicación do coeficiente de ponderación.

b) A suma dos valores catastrais dos predios rústicos que pertencen á unidade familiar non poderá superar 12.260,64 euros por cada membro computable da unidade familiar.

c) A suma dos rendementos netos reducidos do capital mobiliario máis o saldo neto positivo de ganancias e perdas patrimoniais pertencente á unidade familiar non poderá superar 1.640,76 euros.

d) Tamén se denegará a axuda solicitada cando as actividades económicas de que sexan titulares os membros computables da familia teñan un volume de facturación, en 2005, superior a 150.012 euros.

2. Para os efectos do cómputo do valor dos elementos patrimoniais a que se refiren os parágrafos anteriores, deducirase o 50 por cento do valor dos elementos patrimoniais que pertencen a calquera membro computable da familia, excluídos os sustentadores principais.

Disposición derradeira primeira. Título competencial e carácter de lexislación básica.

Este real decreto ten carácter básico, e dítase ao abeiro da competencia exclusiva atribuída ao Estado no artigo 149.1 30.º da Constitución española e de acordo co previsto no artigo 45 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, e o artigo 4 da Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de calidade da educación.

Disposición derradeira segunda. Desenvolvemento normativo.

Correspóndelle ao titular do Ministerio de Educación e Ciencia ditar as normas que sexan precisas para a aplicación e desenvolvemento do establecido neste real decreto.

Disposición derradeira terceira. Entrada en vigor.

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 21 de abril de 2006.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Educación e Ciencia,
MERCEDES CABRERA CALVO-SOTELO

(Este real decreto publícase tendo en conta a corrección de erros publicada no BOE núm. 102, do 29-4-2006)

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

7172 REAL DECRETO 420/2006, do 7 de abril, polo que se modifica o Real decreto 685/2002, do 12 de xullo, polo que se establecen determinadas medidas para a súa aplicación no sector dos produtos transformados a base de froitas e hortalizas. («BOE» 96, do 22-4-2006.)

O Regulamento (CE) n.º 2201/1996 do Consello, do 28 de outubro, polo que se establece a organización común de mercados no sector dos produtos transformados a base de froitas e hortalizas, no seu artigo 5.4 dispón que os Estados membros poderán dividir o seu limiar nacional previsto para os tomates en dous sublimiars, un para a transformación en tomates pelados enteiros e o outro para o resto de produtos elaborados autorizados.

Por medio do Real decreto 685/2002, do 12 de xullo, polo que se establecen determinadas medidas para a súa aplicación no sector dos produtos transformados a base de froitas e hortalizas, establecéronse, no seu artigo 5, os ditos sublimiars, así como a forma e periodicidade para determinalos a partir da campaña 2006/2007.

Tendo en conta a perda de representatividade da produción dos tomates para a fabricación de tomates pelados enteiros no conxunto dos tomates para transformación, debido ao notable incremento das producións dos tomates para os outros tipos de elaborados, se se apli-

case o que dispón a normativa para a determinación dos ditos sublimiars, obteríase un nivel tan reducido do sublimiar dos tomates para pelados enteiros que daría lugar á penalización da axuda e, mesmo, en maior porcentaxe que se non se establecesen os ditos sublimiars, polo que non se alcanzaría o obxectivo de protexer este cultivo.

Polo tanto, debido á necesidade de dispor dun nivel adecuado da axuda para os tomates destinados á fabricación de tomates pelados enteiros, cuxo cultivo tivo unha importante regresión, é conveniente manter o nivel do seu sublimiar en 111.612 toneladas e a diferenza con respecto ao total, fixado en 1.238.606 toneladas, aplicaríase aos outros tipos de elaborados.

Na elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Agricultura, Pesca e Alimentación, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación de Consello de Ministros na súa reunión de día 7 de abril de 2006,

DISPONGO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 685/2002, do 12 de xullo, polo que se establecen determinadas medidas para a súa aplicación no sector dos produtos transformados a base de froitas e hortalizas.*

O Real decreto 685/2002, do 12 de xullo, polo que se establecen determinadas medidas para a súa aplicación no sector dos produtos transformados a base de froitas e hortalizas, queda modificado como segue:

Un. O punto 2 do artigo 5 queda redactado do seguinte xeito:

«2. As cantidades de tomate fresco que corresponden a cada sublimiar son as seguintes:

- a) Tomates pelados enteiros en conserva: 111.612 toneladas.
- b) Outros produtos: 1.126.994 toneladas.»

Dous. O punto 2 da disposición derradeira segunda queda redactado do seguinte xeito:

«2. Queda facultado o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación para dispor, se é o caso, a teor do establecido na normativa comunitaria, a non aplicación do réxime de sublimiars de tomate para unha ou varias campañas.

Disposición derradeira primeira. Título competencial.

Este real decreto dítase ao abeiro do artigo 149.1.13.º da Constitución, que lle atribúe ao Estado competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Disposición derradeira segunda. Entrada en vigor.

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 7 de abril de 2006.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Agricultura, Pesca
e Alimentación,

ELENA ESPINOSA MANGANA